

# **PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CREACIÓN EN MONFORTE DUN CENTRO PÚBLICO DE CONTINUIDADE PARA PERSOAS DISCAPACITADAS E SEN AUTONOMÍA PERSOAL**

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Colexio de Educación Especial Infanta Helena, situado en Monforte, presta dende hai anos un servizo fundamental para os pais e nais e para os rapaces e rapazas con diferentes graos de discapacidade.

Este centro acolle nas súas instalacións a menores con discapacidade de etiología variada, non só da comarca de Monforte, senón tamén de comarcas da bisbarra como Sarria, Chantada, Quiroga ou Valdeorras.

O labor que levan a cabo os/as profesionais do Infanta Helena cos rapaces e rapazas usuarios do Centro resulta primordial para o desenvolvemento educativo e a mellora da calidade de vida dos menores, pero, ademais, o servizo que presta este Centro de Educación Especial é de vital importancia para os pais e nais na medida en que lles posibilita levar a cabo unha vida digna, desenvolvendo as súas aptitudes como persoas capacitadas para exercer unha profesión e sumarse ó mundo laboral.

Os pais e nais do alumnado do Colexio de Educación Especial Infanta Helena atópanse con un grave problema cando os seus fillos cumpren 21 anos, idade máxima de acollida neste Centro, unha situación que non pode resultarlle allea á sociedade da que formamos parte.

Despois de ter mantido diversos encontros cos pais e nais da APA do Infanta Helena, consideramos que estas persoas con distintos graos de discapacidade necesitan un centro específico onde dispoñan de atención permanente despois de ter cumprido os 21 anos. Tamén estimamos que a posta en funcionamento dun Centro destas características resulta imprescindible para que os pais e nais destes rapaces e rapazas poidan seguir desenvolvendo o seu papel na sociedade como persoas activas, con tódolos dereitos e capacidades para formar parte do mundo laboral.

**Por todo isto, propóñolle ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte**

## **ACORDO**

**Instar á Xunta de Galiza a**

- 1. Crear en Monforte de Lemos un Centro de Continuidade que acolla a estes mozos e mozas unha vez que cumpran os 21 anos de idade.**
- 2. Comunicar á Xunta de Galicia que o Concello de Monforte adquire o compromiso de ceder os terreos necesarios para a construción do devandito Centro.**

Asdo: Severino Rodríguez Díaz

Alcalde do Concello de Monforte

Monforte de Lemos, 20 de xaneiro do 2012